

1.1. Crecemento económico: contornos internacional e estatal

No primeiro capítulo analizaremos a andaina económica galega no ano 2005; neste primeiro epígrafe achegarémonos ao crecemento económico nos ámbitos estatal e internacional, para coñecer o marco xeral no que situar o decorrer económico de Galicia.

No ano 2005 o crecemento económico europeo continuou sendo moi baixo, en contraste coa continuación da recuperación da economía estadounidense e co notable e continuado empuxe da economía chinesa (auténtico protagonista e dinamizador fundamental do comercio internacional neste comezo de milenio).

A economía mundial segue a padecer a incerteza xeopolítica internacional derivada da difícil situación do Medio Oriente, cunha importante repercusión no prezo do petróleo (agravada por outros factores, como a suba da demanda ao fío da expansión económica de China e da India ou a especulación nos mercados de futuros do cru petrolífero).

Estados Unidos tivo por cuarto ano consecutivo un forte crecemento económico pero o crecente déficit público e sobre todo o elevadísimo déficit exterior (que cuadriplica a media da OCDE) pesan como grandes lousas sobre esa expansión económica; continuou en 2005 a política gradual pero continuada de suba das taxas de interese.

A Unión Europea, pola súa banda, completa xa un quinquenio de moi baixo crecemento económico. Sobrancearemos que a principal potencia económica de Europa (Alemaña) segue un ano máis moi lonxe do liderazgo expansivo que tivo noutras etapas na economía europea.

A economía chinesa continúa cun vertixinoso ritmo de crecemento (9,9% en 2005, aínda catro décimas máis que no ano anterior) que nos últimos sete anos estivo sempre por riba do 7%. Segue a impresionante suba da inversión en activos fixos e da inversión directa estranxeira (de xeito que China é xa a maior receptora mundial de inversión directa) e xa é o maior consumidor do mundo de cemento, carbón, aceiro, níquel ou aluminio e o segundo importador de petróleo. De continuar nos anos vindeiros a súa expansión ao ritmo actual (ou maior, aproveitando o “tirón inversor” vencellado ás infraestruturas co pulo das Olimpíadas de 2008) pode conseguir en poucos anos un posto de “podium” na clasificación das potencias económicas mundiais (xa está en cuarta posición actualmente).

Crecemento económico. OCDE⁽¹⁾. 2001-2005

■ **Cadro 1.1**

	2001	2002	2003	2004	2005
OCDE	101,3	103,5	106,5	109,6	111,9*
OCDE Europa	101,8	103,6	105,4	108,0	109,8*
Unión Europea (15)	102,2	103,6	105,0	106,9	108,6*
España	103,7	105,8	108,8	111,8	118,4
Alemaña	101,3	101,7	102,0	102,5	103,9
Francia	101,9	103,7	105,1	107,3	108,8
Italia	101,7	102,6	102,6	103,4	104*
Países Baixos	101,5	101,9	101,5	102,7	105,6
Reino Unido	102,9	104,9	107,7	110,9	113,2
Dinamarca	101,6	101,7	102,9	105,9	108,6
Portugal	102,6	100,9	100,9	101,5	103,0
Austria	101,0	102,0	103,2	105,7	109,0
Suecia	101,9	103,6	106,0	108,8	112,7
Finlandia	101,4	104,6	106,9	110,8	113,9
Suíza	100,6	101,6	101,7	102,9	106,2
Noruega	103,6	104,0	105,2	108,2	111,8
EEUU	100,9	103,2	107,8	112,0	114,6
Canadá	102,4	106,1	107,9	111,4	114,7
Xapón	99,3	100,8	103,0	104,0	109,2
Australia	104,2	107,6	112,5	114,2	117,3

*Datos ata 3º trimestre 2005.

(1) Índices base 2000. Datos do PIB 4º trimestre de cada ano.

Fonte: Boletín Mensual de Estadística. INE (que recolle os datos da OCDE).

Os índices de crecemento económico do último quinquenio en dezaseis estados da OCDE (así como os promedios da OCDE, da UE-15 e dos estados europeos

da OCDE) poden verse no cadro I.1. Sobrancea que **España se sitúa á cabeza** cunha suba acumulada do PIB do 18,4% nese período, seguida de Australia (17,3%), Canadá (14,7%), Estados Unidos (14,6) e Finlandia (13,9%), moi por riba do conxunto da OCDE (11,9%) e sobre todo do rexistrado nos países europeos da OCDE (9,8%) e na UE-15 (8,6%). O menor crecemento económico no quinquenio analizado tiverono Portugal (3%) e Alemaña (3,9%).

■ Cadro 1.2

Taxas de desemprego OCDE. 2003-2005

	2003	2004	2005
OCDE	7,0	6,8	6,4
OCDE Europa	8,9	8,8	8,5
Unión Europea (15)	8,1	8,0	7,7
España	11,3	10,4	8,7
Alemaña	9,5	9,5	9,5
Francia	9,7	9,7	9,2
Italia	8,2	8,0	7,7
Países Baixos	4,2	4,8	4,6
Bélxica	7,8	8,0	8,4
Luxemburgo	4,0	4,4	5,6
Reino Unido	4,8	4,6	4,9
Irlanda	4,6	4,3	4,3
Dinamarca	5,7	5,1	4,0
Portugal	6,3	7,1	7,8
Austria	4,5	4,5	5,2
EEUU	5,7	5,4	4,9
Xapón	4,8	4,4	4,4

Datos de decembro de cada ano. Estandarizados e desestacionalizados.

Fonte: INE, Boletín Mensual de Estadística (recollendo datos da OCDE).

No cadro I.2 presentamos as taxas de desemprego de catorce países da OCDE no último quinquenio. Por primeira vez en moitos anos España non ten a maior taxa de paro (despois da redución de 1,7 puntos porcentuais en 2005) senón que son maiores as de Alemaña (9,5%) e Francia (9,2%). A taxa de desemprego española de 2005 (8,7%) supera en 2,1 puntos porcentuais á media da OCDE, en un punto á da UE-15 e en tan só unha décima (fronte aos 1,6 puntos do ano anterior) á dos estados europeos membros da OCDE. Seis dos catorce estados incluídos nesta clasificación teñen en 2005 unha taxa de paro inferior ao 5% (Países Baixos, Gran Bretaña, Irlanda, Dinamarca, Estados Unidos e Xapón).

Unha visión comparativa do crecemento económico na última década en Galicia, España e a Unión Europea témola no cadro I.3, nel compróbase que:

■ A suba do PIB galego nese período (40,7%) estivo lixeiramente por baixo do crecemento español (42,8%) pero moi por riba do promedio dos vinte e cinco estados que compoñen actualmente a Unión Europea.

■ A suba do PIB foi superior en Galicia que na UE-25 todos os anos pero tan só superou o crecemento económico español nos dous anos que coincidiron con Xacobeos (1999 e 2004).

■ Cadro 1.3

**Crecemento do PIB⁽¹⁾.
Galicia, España, UE. 1995-2005.**

	Galicia	España	UE-25
1996	1,9	2,4	1,7
1997	3,9	3,9	2,7
1998	4,1	4,5	3,0
1999	5,4	4,7	3,0
2000	4,6	5,0	3,9
2001	3,5	3,5	1,9
2002	2,2	2,7	1,2
2003	2,5	3,0	1,2
2004	3,4	3,1	2,4
2005	3,3	3,4	1,6
1995-2005	40,7	42,8	25,1

(1) En porcentaxe.

Fonte: IGE. INE e Eurostat.

1.2. Crecemento económico galego

Neste epígrafe estudaremos, en primeiro lugar, o crecemento económico galego no último bienio (desde as perspectivas da demanda e da oferta) e despois analizaremos a evolución a longo prazo da produción e a renda (globais e por habitante) nas distintas comunidades autónomas; por último, estudaremos os datos galegos e estatais en relación coa Unión Europea.

1.2.1. Evolución do PIB e dos seus compoñentes.

Os datos vistos no cadro 1.3 indican que a economía galega tivo un crecemento económico no ano 2005 (3'3%) só unha décima menor que no ano anterior pero, a diferenza dese ano, quedou por baixo da suba media estatal (aunque foi tan só unha décima).

**Crecemento económico galego. 2004-2005.
Por trimestres.**

■ Cadro 1.4

	2004	2005
Tr. I	3,5	2,5
Tr. II	2,9	3,5
Tr. III	3,9	3,5
Tr. IV	3,4	3,6

(1) En taxas interanuais de variación do PIB.

Fonte: IGE. Contabilidade Trimestral. Base 2000 revisada.

O seguimento trimestral da evolución do PIB de Galicia que figura no cadro 1.4 amosa que o ritmo do crecemento económico en 2005 foi moi estable nos tres últimos trimestres (variando só entre un 3,5% e un 3,6%); no último bienio, a suba trimestral do PIB moveuse entre un 2'5% e un 3'9%.

1.2.1.1. A perspectiva da demanda.

En 2003 o Instituto Galego de Estatística comezou a proporcionar na súa *Contabilidade Trimestral* series trimestrais dos principais compoñentes da demanda, o que posibilita desde entón a realización dunha análise máis completa da conxuntura económica galega. A análise desde a *perspectiva de demanda* dos compoñentes do PIB (cadro 1.5) reflicte que:

- A achega da *demanda interna* ao crecemento do PIB galego en 2005 (4,8 puntos) superou en nove décimas á do ano anterior e en 1'5 puntos á suba do PIB galego, aunque quedou medio punto por baixo da achega estatal (5'3 puntos). O maior aumento deuse (ao igual que nos anos 2003 e 2004) no apartado da formación bruta de capital (cunha suba dun 5,7%, un punto e medio por riba do valor do ano anterior).
- A achega do sector exterior, en cambio, foi negativa na economía galega un ano máis e aínda con máis intensidade que en 2004, xa que a suba das exportacións de bens e servizos foi inferior en 3'2 puntos á do ano anterior (dun 6,9% pasou a un 3,7%) e a das importacións diminuíu moito menos (1'3 puntos, ao pasar do 6'1% ao 4,8%).

■ Cadro 1.5

PIB de Galicia. Perspectiva da demanda. 2005

	2004	2005	2005			
			I T.	II T.	III T.	IV T.
Produto interior bruto	3,4	3,3	2,5	3,5	3,5	3,6
Gasto en consumo final	2,9	3,3	2,8	3,4	3,2	3,7
Fogares	2,8	3,1	2,9	3,2	3,2	3,2
AA.PP. e ISFLSH	3,5	3,9	2,8	4,2	3,1	5,3
Formación bruta de capital	4,2	5,7	6,0	5,8	4,5	6,7
Demanda interna*	3,9	4,8	4,1	4,5	3,9	5,1
Exportacións de bens e servizos	6,9	3,7	-1,0	6,1	2,5	7,4
Importacións de bens e servizos	6,1	4,8	3,4	4,4	4,4	6,9

Taxas de variación anuais e interanuais (en %). Datos corrixidos de efectos estacionais e de calendario.

*Achega ao crecemento do PIB

Fonte: IGE. Contabilidade trimestral.

1.2.1.2. A perspectiva da oferta.

A análise desde a *perspectiva da oferta* da evolución por trimestres do PIB de Galicia e España constata que:

- No peche do ano 2005, en Galicia o maior crecemento tiverono o sector enerxético, o agro-pesqueiro e a construción (sendo o primeiro e o último dos citados os de maior suba no promedio estatal).
- No valor do último trimestre de 2005, na economía galega todos os compoñentes analizados presentaron signo positivo, mentres que nos trimestres anteriores presentara signo negativo o sector enerxético (ao que acompañaran no primeiro trimestre a industria e o sector agro-pesqueiro).

■ Cadro 1.6

PIB Galicia e España. Perspectiva da oferta. 2005

	Galicia				España			
	I T.	II T.	III T.	IV T.	I T.	II T.	III T.	IV T.
Agricultura e pesca	-2,4	2,2	3,0	4,8	-1,9	-1,3	0,3	0,1
Enerxía	-3,3	-2,6	-0,6	5,9	4,2	4,0	4,5	5,0
Industria	-0,7	2,0	3,0	3,6	0,3	0,0	0,9	1,1
Construción	3,2	4,4	4,6	4,1	5,4	5,4	5,8	5,4
Servizos de mercado	3,6	3,7	3,5	3,8	3,8	3,9	4,0	4,1
Servizos non de mercado	2,6	4,9	3,6	3,8	3,8	3,0	3,5	3,8
PIB	2,5	3,5	3,5	3,6	3,3	3,4	3,5	3,5

Taxas de variación interanual en %.

Datos corrixidos de efectos estacionais e de calendario.

Fonte: IGE e INE.

1.2.2. Crecemento económico galego e das distintas comunidades autónomas

Ademais da evolución do PIB en Galicia, España ou a UE aos que fixemos referencia con anterioridade, tamén resulta moi importante facer un estudo do crecemento económico nas diversas comunidades autónomas, para situar a Galicia na posición que lle corresponda dentro dese decorrer económico autonómico. Para esta análise a fonte non pode ser o IGE, xa que, obviamente, o organismo estatístico oficial galego ten por finalidade o estudo da nosa realidade, non a doutras comunidades; xa que logo, a fonte que utilizaremos principalmente será a do instituto estatístico oficial (INE) e complementarémolo con outra privada (FUNCAS).

1.2.2.1. Crecemento económico das comunidades autónomas, na ollada do INE.

O INE fai a súa estimación anual do crecemento económico das comunidades autónomas ao traveso da *Contabilidad Regional de España*, que está adaptada ao novo sistema metodolóxico instaurado no conxunto da UE.

Os datos do ano 2005 refliten (ao igual que os do IGE) que o PIB galego creceu un 3,3%. Na clasificación por crecemento das comunidades autónomas do cadro 1.7 sobrancea que:

- Galicia quedou en undécima posición e medrou unha décima menos que a media estatal.
- O menor crecemento económico foi, un ano máis, o de Baleares, seguido por Asturias e Canarias, mentres que as maiores subas do PIB déronse en Madrid, Estremadura e Murcia.
- O PIB por habitante de Galicia en 2005 está un 19% por baixo da media estatal; o maior valor téñeno Madrid, País Vasco, Navarra e Cataluña; o menor: Estremadura, Andalucía, Castela-A Mancha e Galicia.

Se estudamos o comportamento do PIB a un prazo maior, os datos comparativos co crecemento medio estatal son máis negativos para Galicia; o cadro 1.8 explicita que, desde a perspectiva do INE, no período 2000-2005:

Crecemento do PIB en 2005. Por comunidades autónomas.

■ Cadro 1.7

	PIB ⁽¹⁾	Var. 2005/04	PIB per Cápita ⁽²⁾
Andalucía	124.406.871	3,5	16.100
Aragón	28.013.129	3,5	22.403
Asturias	19.609.974	2,9	18.533
Illas Baleares	22.285.501	2,4	22.947
Canarias	36.433.036	2,9	18.879
Cantabria	11.382.903	3,0	20.554
Castela A Mancha	30.566.639	3,5	16.314
Castela e León	48.894.176	3,3	19.782
Cataluña	170.425.812	3,3	24.858
C. Valenciana	87.220.989	3,0	19.057
Extremadura	15.026.469	3,8	14.051
Galicia	45.780.475	3,3	16.870
Madrid	160.297.080	4,0	27.279
Murcia	22.812.084	3,8	17.322
Navarra	15.472.157	3,1	26.489
País Vasco	55.866.244	3,7	26.515
A Ríoxa	6.705.490	3,0	22.548
Ceuta	1.345.482	3,4	18.860
Melilla	1.221.077	3,1	18.304
España	904.323.000	3,4	20.838

(1) En miles de euros

(2) En euros.

Fonte: INE. "Contabilidad Regional de España."

- O crecemento medio anual do PIB galego foi do 2,69%, bastante por baixo do promedio estatal (3,15%); é dicir, nese período a media española de suba do PIB superou nun 17'1% á galega.
- Só dúas comunidades autónomas (Baleares e Asturias) tiveron unha suba media anual do PIB inferior á de Galicia.

Polo tanto, Galicia perdeu peso na xeración do PIB español no último quinquenio, segundo os datos do INE, o que non é unha boa noticia para unha nacionalidade que quere recuperar o seu atraso económico histórico.

Varias comunidades autónomas que compartiron moitos anos con Galicia as posicións relativas de menor PIB por habitante no ranking estatal (como Andalucía, Canarias, Castela-A Mancha, Extremadura e Murcia) tiveron nese quinquenio un crecemento económico maior que a media estatal, o que pode significar, entre outras cousas, un mellor aproveitamento dos importantes fondos recibidos da UE nese tempo para potenciar o seu desenvolvemento económico. En todo caso, o que si constatan é que neste período avanzaron na xeración de PIB en relación coa media estatal (fose coa mellor utilización dos fondos procedentes da UE, dos estatais ou dos propios de que dispón cada comunidade autónoma).

Como consecuencia do menor crecemento económico en Galicia que no promedio estatal, a participación de Galicia na xeración do total do PIB español, que en 1995 era do 5,61% segundo o INE, pasou unha década despois ao 5'06%. Velaí unha boa proba da Galicia economicamente "minguante" na xeración de riqueza do estado español.

Crecemento do PIB. Por comunidades autónomas. 2000-2005.

■ **Cadro 1.8**

	% Variación
Andalucía	3,65
Aragón	3,19
Asturias	2,67
Illas Baleares	1,97
Canarias	3,43
Cantabria	3,28
Castela A Mancha	3,43
Castela e León	3,09
Cataluña	2,99
C. Valenciana	3,04
Extremadura	3,36
Galicia	2,69
Madrid	3,25
Murcia	3,89
Navarra	3,02
País Vasco	2,87
A Rioxa	2,90
Ceuta	3,06
Melilla	2,98
España	3,15

Fonte: INE. "Contabilidad Regional de España"

1.2.2.2. Crecemento económico das comunidade autónomas, segundo FUNCAS.

1.2.2.2.1. O crecemento galego no marco estatal.

Os datos da Fundación FUNCAS certifican que en 2005 Galicia foi unha das comunidades con menor crecemento económico (3´22%), dúas décimas por baixo da media estatal (3´42%).

Sen dúbidas, o crecemento económico dun ano concreto non é o fundamental para conseguir o achegamento ás sociedades cun nivel de desenvolvemento maior; o importante é o esforzo continuado nun prazo longo para ir acurtando ese diferenza. Xa que logo, imos tratar agora desta andaina na procura da converxencia de Galicia no último quinquenio cos niveis medios de renda do estado ou do conxunto da UE.

No cadro 1.9 pódese ver a evolución de 2000 a 2005 dos índices por habitante de tres variables macroeconómicas relevantes: PIB, renda bruta e renda bruta dispoñible en paridade de poder adquisitivo. Aparte de lembrar que cómpre non perder de vista a influencia do menor dinamismo demográfico galego na mellora dos datos "por habitante" respecto da media estatal, subliñaremos os seguintes trazos:

Galicia avanzou algo máis dun punto por ano respecto do promedio estatal no *PIB por habitante* nos últimos cinco anos e quedou na décimocuarta posición na clasificación (o mesmo posto do ano anterior, como se pode comprobar co cadro 1.15 do *Informe Sociolaboral 2004*).

Cadro 1.9

Índice por habitante de PIB e RENDA. Por comunidades autónomas. 2000/2005.

	PIB			Renda Bruta			Renda Bruta Disponible en poder de compra	
	2000	2005		2000	2005		2000	2005
País Vasco	125,50	131,39	País Vasco	121,48	128,48	País Vasco	117,04	122,41
Madrid	128,82	125,32	Navarra	124,33	125,90	Navarra	120,50	121,08
Navarra	123,33	122,84	Madrid	126,31	122,21	Madrid	122,97	119,33
Cataluña	121,70	118,28	Baleares	128,87	118,01	Baleares	124,61	113,66
Baleares	122,84	111,78	Cataluña	120,72	117,32	Cataluña	116,98	111,52
A Ríoxa	115,75	111,10	A Ríoxa	117,75	112,94	Aragón	109,37	109,30
Aragón	109,37	108,98	Aragón	106,49	106,71	Melilla	94,34	108,30
Melilla	93,30	107,61	Melilla	90,17	103,47	A Ríoxa	114,00	108,24
Castela e León	95,62	101,19	Castela e León	95,31	101,51	Castela e León	99,05	107,32
España	100,00	100,00	España	100,00	100,00	España	100,00	100,00
Ceuta	89,50	98,79	C. Valenciana	101,09	97,72	Ceuta	90,98	99,97
Cantabria	94,36	97,47	Cantabria	92,66	95,51	C. Valenciana	100,41	97,42
C. Valenciana	98,68	96,37	Ceuta	85,77	94,99	Cantabria	93,06	97,21
Asturias	85,13	88,04	Canarias	94,19	89,51	Canarias	96,35	96,92
Galicia	82,32	88,03	Galicia	81,61	87,49	Cast. A Mancha	92,12	90,86
Canarias	87,71	83,03	Asturias	83,64	87,39	Galicia	85,21	90,32
Cast. A Mancha	84,31	83,59	Cast. A Mancha	84,60	82,95	Asturias	83,79	86,24
Murcia	79,99	81,74	Murcia	80,72	77,92	Extremadura	75,92	85,53
Extremadura	69,61	77,47	Extremadura	69,33	75,37	Murcia	81,83	77,80
Andalucía	72,72	75,26	Andalucía	73,86	75,34	Andalucía	75,39	77,20

(1) Media española = 100

Fonte: FUNCAS, "Cuadernos de Información Económicas" nº 191, marzo-abril 2006

No tocante á *renda bruta por habitante*, Galicia avanzou practicamente o mesmo que no PIB por habitante (algo máis dun punto por ano) e quedou tamén na décimocuarta posición da clasificación en 2005 (un posto por baixo que no ranking do ano anterior).

Se avaliamos os ingresos tendo en conta o nivel de prezos existente en cada comunidade autónoma, podemos comprobar que en *renda bruta disponible en poder de compra* (é dicir, en paridade de poder adquisitivo) Galicia avanzou no último quinquenio un punto por ano período e quedou en décimoquinta posición (dous postos por detrás que en 2004 e un posto por detrás que o PIB ou a renda bruta por habitante en 2005).

Os datos deste cadro son especialmente relevantes desde o punto de vista económico-social porque, se dunha banda amosan o crecemento económico real por habitante (ao traveso do PIB e da renda bruta), pola outra dan conta (coa terceira variable) de canto cambia a renda despois do dobre axuste derivado das transferencias monetarias públicas netas (do sistema impositivo e das prestacións da Seguridade Social) e máis da corrección dos prezos relativos dos bens e servizos.

A renda en *paridade de poder de compra* é a variable que amosa o volume das rendas percibidas polos fogares e institucións non lucrativas –excluídas as administracións públicas– residentes en cada comunidade autónoma, tendo en conta o nivel relativo do índice de prezos de consumo de cada unha das comunidades. Non só inclúe aportacións que proceden da vía da produción de bens e servizos (coma por exemplo as rendas salariais ou as rendas mixtas –traballo e capital– percibidas

polos traballadores por conta propia) senón tamén as prestacións sociais e outras transferencias recibidas polos fogares e institucións non lucrativas; cómpre lembrar que se exclúen para o seu cálculo as cotas da Seguridade Social e os impostos directos pagados polas familias.

1.2.2.2.2. O crecemento económico galego, no marco da Unión Europea.

■ Cadro 1.10

Índice de converxencia ⁽¹⁾ con UE-15.						
	2000	2001	2002	2003	2004	2005
Andalucía	69,46	69,77	71,27	73,43	73,25	73,57
Aragón	100,77	99,77	101,36	104,07	103,71	104,16
Asturias	77,20	76,67	77,53	79,61	80,30	82,19
Baleares	114,82	110,31	108,52	110,05	108,48	108,32
Canarias	88,78	86,66	86,97	90,55	91,95	92,36
Cantabria	85,75	85,09	87,49	90,38	91,39	92,64
Cast. A Mancha	84,88	84,23	85,81	87,62	86,76	86,59
Cast. e León	91,26	92,29	95,08	99,10	100,68	102,28
Cataluña	107,79	106,14	106,67	108,47	106,51	106,28
C. Valenciana	92,52	90,84	92,54	94,51	93,87	92,84
Extremadura	69,95	70,36	73,41	77,41	79,74	81,51
Galicia	78,51	79,03	80,93	83,66	84,20	86,07
Madrid	113,30	111,36	112,38	114,15	114,23	113,72
Murcia	75,40	74,37	75,23	76,28	74,52	74,14
Navarra	111,03	108,54	110,49	112,90	114,49	115,39
País Vasco	107,84	105,24	108,25	111,75	114,08	116,66
A Ríoxa	105,04	102,38	102,30	104,36	103,47	103,15
Ceuta	83,83	83,65	88,09	91,75	93,54	95,27
Melilla	86,92	86,71	89,65	94,23	96,88	103,21
España	92,14	91,23	92,70	95,07	94,97	95,30

(1) En renda por habitante en poder de compra. Media UE-15 = 100

Fonte: FUNCAS, "Cuadernos de Información Económica" nº 191, marzo-abril 2006

O cadro 1.10 infórmanos da posición relativa en renda en termos de poder de compra *por habitante* das distintas comunidades autónomas no último quinquenio respecto da media da Unión Europea - 15, de acordo cos datos de FUNCAS. Obsérvase que:

- Oito comunidades autónomas superan en 2005 a media da UE-15: País Vasco, Navarra, Madrid, Baleares, Cataluña, Aragón, A Ríoxa, Castela-León, ademais dunha cidade autónoma (Melilla).
- Só unha cidade autónoma (Ceuta) e tres comunidades autónomas (Canarias, C.Valenciana e Cantabria) teñen en 2005 un índice de converxencia no intervalo: 90-100%
- Por debaixo do 90% están seis comunidades, que ordenadas de maior a menor índice son: Castela-A Mancha, Galicia, Asturias, Extremadura, Murcia e Andalucía. Galicia está, xa que logo, neste grupo de comunidades clasificadas no último nivel, cun índice 86,07 (9'23 puntos porcentuais por baixo do índice de converxencia do promedio español).

Nunha visión diacrónica sobrancearemos que este cadro explicita que o avance en renda *por habitante* en poder de compra en comparanza co nivel medio da UE-15 foi no último quinquenio superior en Galicia que na media estatal.

Cómpre subliñar que unha análise máis a fondo da converxencia *real* –que supera os obxectivos deste Informe– debería ter en conta tamén outros factores (como a taxa de desemprego ou o nivel de desenvolvemento tecnolóxico), o que certamente situaría a Galicia e a España nunha posición de maior diverxencia coa media da UE.

1.3. Crecemento económico e xeración de emprego

O crecemento económico non é un fin en si mesmo; a súa finalidade é darlle pulo a unha sociedade de maior benestar, e nesa andaina a creación de máis e mellor emprego para a súa poboación é un paso irrenunciable. Achegarémonos agora á análise de en que medida o crecemento económico se converteu nos últimos anos en xeración de emprego en Galicia e que diferenza hai en relación co que ocorre no conxunto estatal. No apartado terceiro do capítulo 3 tratamos máis polo miúdo o comportamento do emprego en Galicia, desagregado por sexos, sectores económicos, grupos de idade, provincias, situación profesional, carácter temporal ou indefinido do contrato, etc; remitimos a ese epígrafe aos interesados en afondar nalgún deses aspectos da ocupación en Galicia.

1.3.1. A xeración do emprego no último trienio.

O emprego das distintas comunidades autónomas no último trienio (cos datos da EPA) presentámoslos no cadro 1.11. Nel compróbase que:

- O crecemento da xeración neta de emprego de Galicia no ano 2005 (2,9%) foi practicamente a metade que no conxunto da economía española (5,6 %).
- Ese crecemento do emprego galego fixo que a nosa comunidade estivese en 2005 entre as catro (incluíndo como unha as cidades autónomas) de menor porcentaxe de xeración de emprego (foron, por esta orde: Asturias, Ceuta-Melilla, Extremadura e Galicia).
- Os 31.700 empregos netos xerados en Galicia en 2005 non acadaron o nivel dos creados en Galicia no ano anterior (36.000) anque superaron con amplitude o dato do ano 2003 (18.700).
- Tres comunidades autónomas (Cataluña, Andalucía e Madrid) concentran en 2005 case a metade (48'1%) do emprego total estatal.
- Galicia volveu a diminuír en 2005, un ano máis, a súa porcentaxe de participación no total de emprego de España e quedou cun 5'9%, por baixo do que representa a nosa poboación no total estatal.

Unha visión comparativa da xeración de emprego a longo prazo en Galicia e no conxunto do estado figura no cadro 1.18 do *Informe Sociolaboral 2004*, que resume a creación neta de postos de traballo en valores absolutos e porcentuais desde 1992. Alí se explicita nidiamente a maior dificultade de transformar o crecemento económico en xeración de emprego en Galicia que en España, co

■ Cadro 1.11

Poboación ocupada⁽¹⁾. Por comunidades autónomas. 2003-2005

	Valores absolutos (en miles)			Distrib. porcentual			Variacións anuais					
	2003	2004	2005	2003	2004	2005	Miles			%		
							2003	2004	2005	2003	2004	2005
Andalucía	2.675,7	2.844,7	3.025,2	15,2	15,6	15,7	154,0	169,0	180,5	6,1	6,3	6,3
Aragón	522,5	545,6	568,8	3,0	3,0	2,9	17,7	23,1	23,2	3,5	4,4	4,3
Asturias	398,5	386,0	413,3	2,3	2,1	2,1	20,4	-12,5	27,3	5,4	-3,1	7,1
Baleares	427,5	449,5	457,1	2,4	2,5	2,4	15,5	22,0	7,6	3,8	5,1	1,7
Canarias	801,1	822,9	863,2	4,6	4,5	4,5	36,6	21,8	40,3	4,8	2,7	4,9
Cantabria	224,6	224,0	244,4	1,3	1,2	1,3	11,8	-0,6	20,4	5,5	-0,3	9,1
Cast. A Mancha	700,3	731,8	781,0	4,0	4,0	4,0	26,3	31,5	49,2	3,9	4,5	6,7
Cast. e León	939,2	977,0	1.031,7	5,3	5,3	5,3	8,7	37,8	54,7	0,9	4,0	5,6
Cataluña	3.061,1	3.130,1	3.359,2	17,4	17,1	17,4	175,3	69,0	229,1	6,1	2,3	7,3
C. Valenciana	1.893,6	2.009,0	2.105,7	10,8	11,0	10,9	83,7	115,4	96,7	4,6	6,1	4,8
Extremadura	362,2	374,2	384,7	2,1	2,0	2,0	12,9	12,0	10,5	3,7	3,3	2,8
Galicia	1.069,7	1.105,7	1.137,4	6,1	6,0	5,9	18,7	36,0	31,7	1,8	3,4	2,9
Madrid	2.614,6	2.748,7	2.901,5	14,9	15,0	15,0	90,6	134,1	152,8	3,6	5,1	5,6
Murcia	527,4	555,0	584,8	3,0	3,0	3,0	32,7	27,6	29,8	6,6	5,2	5,4
Navarra	255,6	266,3	281,5	1,5	1,5	1,5	6,6	10,7	15,2	2,7	4,2	5,7
País Vasco	916,6	934,6	981,3	5,2	5,1	5,1	17,1	18,0	46,7	1,9	2,0	5,0
A Rioxa	120,9	134,4	143,7	0,7	0,7	0,7	4,0	13,5	9,3	3,4	11,2	6,9
Ceuta e Melilla	48,5	48,5	49,7	0,3	0,3	0,3	1,5	0,0	1,2	3,2	0,0	2,5
España	17.559,7	18.288,1	19.314,3	100,0	100,0	100,0	734,3	728,4	1.026,2	4,4	4,1	5,6

Series revisadas segundo a nova metodoloxía EPA-2005.

Fonte: INE, EPA, 4º trimestre de cada ano (Elaboración do MTAS: Coyuntura Laboral nº 76, marzo 2006)

seguimento comparativo entre Galicia e España dos datos do conxunto do período 1992-2004. ¿Hai algunha diferenza importante na estrutura sectorial do emprego dos dous territorios para que Galicia teña maior dificultade para transformar o seu crecemento económico en xeración neta de emprego?

A desagregación por sectores económicos da variación da ocupación alí estudada explicita que o principal factor diferencial neses anos foi a evolución do emprego do sector agro-pesqueiro galego (especialmente do agrario); de feito, o único ano no que subiu o emprego na agro-gandería (2000) posibilitou a maior creación de emprego neto na economía galega de 1997 a 2003, e o descenso moi lixeiro da ocupación agro-pesqueira en 2004 coincidiu co maior avance do emprego en todo o período estudado

Comprobamos alí que a creación de emprego nos sectores “non primarios” foi continuo e bastante estable (oscilou entre un mínimo de 25.000 e un máximo de 40.000), mentres que a variación da xeración de emprego total foi moito maior; xa que oscilou da destrución de emprego do ano 2001 á creación neta de 37.000 postos de traballo en 2004; a evolución do emprego agrario é a principal clave explicativa desa variación.

Focalizando agora a evolución no último trienio da variación do emprego nos sectores produtivos de Galicia, sobrancearemos que:

- En 2003 os servizos acentuaron a forte expansión do ano anterior e foron o único sector xerador de emprego; a maior perda de ocupación produciuse na construción e no sector agro-pesqueiro.

- En 2004 creouse emprego neto nos tres sectores non primarios (por vez primeira desde 2001), con especial intensidade nos servizos e foi mínima (en comparanza cos anos anteriores) a perda de emprego agro-pesqueiro.
- En 2005 o sector servizos foi –un ano máis– o principal dinamizador do emprego galego; o cadro 1.12 explicita en medias anuais dos valores absolutos a súa forte xeración de emprego neto (45.200 persoas) seguido de lonxe pola industria mentres que a construción e o sector agro-pesqueiro foron –por esta orde– os de maior destrución de emprego.

**Variación do emprego. Por sectores económicos.
Galicia. 2005.**

■ Cadro 1.12

	2005
Subtotal sector agropesqueiro	-3,7
Industria	10,8
Construción	-5,9
Servizos	45,2
Subtotal sect. non primarios	50,1
Total	46,4

Datos en miles

Fonte: INE: EPA. Medias anuais.

1.3.3. Estrutura sectorial do emprego por comunidades autónomas

Presentamos no cadro 1.13 unha visión comparativa da porcentaxe de ocupación en cada sector económico nas diversas comunidades autónomas en 2005. Salientaremos que:

- Galicia baixou, por primeira vez na súa historia, do limiar do 10% de emprego agro-pesqueiro.
- Pese á importante redución das últimas décadas, a porcentaxe galega de poboación agro-pesqueira é case o dobre da española.
- Se no ano 2004 Galicia era, despois de Estremadura, a comunidade coa maior porcentaxe de persoas traballando no sector agro-pesqueiro, en 2005 pasa a ser a terceira (ao pasarlle Murcia).
- É moi semellante a porcentaxe de poboación ocupada en Galicia e España na construción e na industria (un punto menor en Galicia a primeira e un punto e medio maior na segunda) mentres que no sector servizos a diferenza é de case cinco puntos máis a prol de España.

A diferenciación por sexos do cadro 1.14 reflite entre outras cousas que:

- As diferenzas son especialmente acusadas entre as mulleres no sector agropesqueiro, no que Galicia ocupa a primeira posición do estado, cunha porcentaxe que se achega ao triplo da media estatal; séguena Murcia, Andalucía e Estremadura.

**Porcentaxe de poboación ocupada en cada sector económico.
Por comunidades autónomas. 2005**

■ **Cadro 1.13**

	Total	Agricultura	Industria	Construción	Servizos
Andalucía	100,0	9,4	11,3	15,1	64,2
Aragón	100,0	7,5	22,1	11,5	59,0
Asturias	100,0	5,3	20,2	11,6	63,0
Baleares	100,0	2,4	8,8	15,4	73,4
Canarias	100,0	3,9	6,7	14,2	75,2
Cantabria	100,0	5,4	16,4	12,5	65,6
Cast. e León	100,0	8,5	17,7	12,9	60,9
Cast. A Mancha	100,0	8,2	19,3	16,1	56,4
Cataluña	100,0	2,4	23,6	10,6	63,4
C. Valenciana	100,0	3,3	20,5	13,8	62,4
Extremadura	100,0	13,6	10,5	14,6	61,3
Galicia	100,0	9,7	18,5	11,5	60,3
Madrid	100,0	1,1	11,9	10,7	76,4
Murcia	100,0	11,7	16,0	16,7	55,6
Navarra	100,0	4,4	24,3	10,8	60,5
País Vasco	100,0	1,4	24,7	8,1	65,8
A Ríoxa	100,0	7,7	27,6	11,3	53,4
Ceuta	100,0	0,5	3,0	9,2	87,3
Melilla	100,0		3,7	4,2	92,1
España	100,0	5,2	17,0	12,5	65,2

Fonte: INE, EPA 4º trimestre.

■ **Cadro 1.14**

**Diferenciación por sexos das porcentaxes de poboación ocupada en cada sector económico.
Por CCAA. 2005**

	Homes				Mulleres			
	Agricultura	Industria	Construción	Servizos	Agricultura	Industria	Construción	Servizos
Andalucía	9,8	14,4	22,8	53,0	8,6	6,1	1,5	83,8
Aragón	10,2	26,4	17,6	45,8	3,2	15,3	1,9	79,6
Asturias	5,8	27,7	17,9	48,6	4,6	8,9	2,0	84,5
Baleares	3,3	11,6	25,1	60,0	1,1	4,6	1,1	93,2
Canarias	4,7	9,5	22,8	63,1	2,9	2,5	1,1	93,5
Cantabria	6,5	21,9	20,6	51,0	3,8	8,6	0,9	86,8
Castela A Mancha	10,7	22,3	23,9	43,2	3,5	13,7	1,7	81,1
Castela e León	10,8	23,2	19,8	46,2	5,0	8,9	1,7	84,3
Cataluña	3,5	28,8	17,1	50,7	0,9	16,4	1,7	81,0
Com. Valenciana	4,1	25,2	21,6	49,0	2,1	13,5	1,9	82,5
Extremadura	17	12,1	22,0	48,8	7,6	7,7	1,7	83,0
Galicia	9,50	22,5	19,2	48,9	10,0	13,3	1,1	75,6
Madrid	1,5	15,8	18,3	64,5	0,5	6,8	1,1	91,5
Murcia	13,5	18,0	25,5	43,1	8,8	12,6	2,2	76,4
Navarra	5,9	31,2	17,5	45,4	2,4	15,0	1,6	81,1
País Vasco	1,9	34,5	13,0	50,6	0,7	11,0	1,4	86,8
A Ríoxa	9,8	34,1	17,1	39,1	4,5	17,8	2,6	75,1
Ceuta		3,9	12,5	83,6	1,7	0,9	1,6	95,7
Melilla		5,7	6,5	87,9				100,0
España	6,30	21,3	19,9	52,4	3,6	10,6	1,5	84,3

Fonte: INE. EPA 4º trimestre.

- É escasísima a participación da muller no traballo na construción en calquera das comunidades autónomas (2,6% na maior).

- O sector terciario acolle as máis das tres cuartas partes das mulleres con ocupación de cara ao mercado en Galicia; esa porcentaxe está 8'7 puntos por baixo do promedio estatal. Murcia e Galicia pechan a clasificación por porcentaxe de mulleres que traballan no sector servizos.

No emprego masculino, sobrancearemos que o abano das diferenzas sectoriais entre as porcentaxes galega e española son moito menos importantes que nas mulleres; dos dous sectores nos que as diferenzas no emprego feminino eran especialmente importantes respecto da media estatal (agricultura e servizos) conséntase que o diferencial pasa a ser menos da metade no caso dos homes (3,2 puntos fronte a 7,4 das mulleres en agricultura e 3,5 puntos fronte a 8,7 das mulleres nos servizos).

1.4. Comercio exterior

Ao estudar o *comercio exterior español* é evidente que nos estamos a referir ás transaccións con orixe ou destino alén do seu territorio. Menos claro resulta o concepto de *comercio exterior galego*, xa que podemos referirnos tamén a todas as transaccións con orixe ou destino en Galicia ou ben tan só a unha parte dese total: á transacción con orixe ou destino fóra de España; este último é o enfoque predominante na literatura económica (e será o que usaremos tamén nós aquí, agás no epígrafe 1.4.2) entre outras razóns polas maiores facilidades de información estatística (por contar con datos mensuais aportados polo Departamento de Aduanas).

1.4.1. Comercio galego co estranxeiro.

1.4.1.1. Exportacións, importacións e saldo comercial.

A análise trimestral dos datos correspondentes a Galicia da balanza comercial española do ano 2005 podemos facelo ao fío do cadro 1.15; nel podemos apreciar a evolución das exportacións, as importacións, o saldo comercial (valor das exportacións menos o das importacións) e a taxa de cobertura (porcentaxe que representa o valor das exportacións sobre o das importacións). Conséntase que:

- O comercio exterior galego tivo unha evolución moi irregular ao longo do ano. O crecemento das importacións e das exportacións foi especialmente importante no segundo e no cuarto trimestres (mentres que diminuíron no terceiro trimestre).


■ Cadro 1.15

Comercio exterior galego. Por trimestres. 2005

	I T.	II T.	III T.	IV T.
Importacións	2.783.926	3.577.191	3.138.278	4.087.358
Exportacións	2.609.052	2.993.220	2.711.191	3.753.198
Saldo comercial	(-174874)	(-583971)	(-427087)	(-334160)
Taxa de cobertura	93,7	83,7	86,4	91,8

Datos en miles de euros (agás taxa cobertura, en %).

Fonte: Departamento de aduanas e impuestos especiales.



- O déficit comercial foi maior nos dous trimestres centrais do ano e o mínimo acadouno no primeiro trimestre.
- A taxa de cobertura moveuse entre un 83,7% no segundo trimestre e un 93,7% no primeiro.

Cómpre ter en conta que no ano 2005 houbo:

- Un forte aumento do prezo dos combustibles minerais (petróleo...) que encareceu moito a factura das nosas importacións e contribuíu notablemente á suba do déficit comercial de Galicia en 2005.
- Unha maior suba da inflación en Galicia (ou no conxunto do estado) que na media dos estados da UEM, que acumulada á de anos anteriores implicou unha perda de competitividade das nosas exportacións na "Eurozona" (que é a receptora prioritaria das nosas vendas).

O gráfico amosa a evolución anual do saldo comercial galego co estranxeiro nos últimos oito anos. Salientaremos que:

- Galicia triplicou o seu déficit comercial en 2005 e acadou nese ano o peor rexistro do período estudado.
- Só nun ano (en 2002) presentou superávit comercial a balanza que mide os nosos intercambios comerciais co estranxeiro.

Na desagregación territorial do comercio galego co estranxeiro, cómpre subliñar que a provincia de Pontevedra segue a ser o auténtico motor de explosión das exportacións galegas, posto que o valor das súas vendas ao estranxeiro dobra á suma das outras tres provincias, e segue a ser ademais unha das provincias que ten maior superávit comercial en toda España.

1.4.1.2. A taxa de cobertura do comercio galego co estranxeiro.

A evolución da **taxa de cobertura** do ano 2005 vista anteriormente cobra máis sentido se a vemos no contexto dun período temporal máis longo; no cadro 1.16 presentamos os datos dos doce últimos trimestres; destacaremos que:

- No ano 2003 as taxas de cobertura positivas do primeiro semestre non tiveron continuidade no segundo, no que a balanza comercial volveu á súa situa-

ción tradicional de déficit (e, xa que logo, a taxa de cobertura estivo por baixo do nivel 100) aunque moi por riba da taxa de cobertura estatal (74,6%).

- A forte suba da taxa de cobertura no primeiro trimestre de 2004 rachou xa no segundo e quedou desde entón estabilizada ao redor do 92% (oito puntos por baixo do equilibrio do comercio exterior).
- En 2005 deuse un forte deterioro da taxa de cobertura no segundo trimestre, que practicamente se recuperou no segundo semestre, pechándose o ano cun valor moi semellante ao do cuarto trimestre do ano anterior.

■ Cadro 1.16

Taxa de cobertura. Galicia 2003-2005. Por trimestres

T. cob. (%)	2003				2004				2005			
	1 T.	2 T.	3 T.	4 T.	1 T.	2 T.	3 T.	4 T.	1 T.	2 T.	3 T.	4 T.
	100,1	102,3	92,2	95,6	107,0	91,5	92,6	92,5	93,7	83,7	86,4	91,8

Fonte: ICEX. Base de datos ESTACOM

1.4.1.3. Distribución por produtos.

Unha das características do comercio exterior galego é o seu **carácter intraindustrial**: importamos moitas materias primas (e bens de equipamento) para producir e exportar produtos elaborados. A notable importancia do comercio intraindustrial reflíctese coa comparanza dos cadros 1.17 e 1.18, pois constátase que coinciden sete dos dez primeiros capítulos arancelarios nas exportacións e máis nas importacións; seis dos sete primeiros son os mesmos (aínda que en distinta orde).

■ Cadro 1.17

Principais capítulos de exportación. Galicia. 2005

	Exportacións	Miles de euros	% ⁽¹⁾	TVI % ⁽²⁾
1	Vehículos automóviles, tractores, ciclos e demais vehículos	4.082.593	33,8	-11,3
2	Navegación marítima ou fluvial	1.262.908	10,5	56,9
3	Prendas e complementos de vestir, agás os de punto	916.079	7,6	13,8
4	Peixes, crustáceos e moluscos	833.706	6,9	2,5
5	Prendas e complementos de vestir de punto	538.603	4,5	15,3
6	Combustibles minerais, aceites minerais e produtos	477.515	4,0	110,4
7	Máquinas, aparatos e material eléctrico e as súas partes	425.385	3,5	45,4
8	Manufacturas de pedra, xeso e cemento	314.515	2,6	5,3
9	Preparados de carne e de peixe	303.818	2,5	2,5
10	Madeira, carbón vexetal e manufacturas de madeira	298.456	2,5	27,3
	Resto de produtos	2.613.083	21,7	57,8
	Total	12.066.661	100,0	14,9

(1) Porcentaxe sobre o total de exportacións.

(2) Taxa de variación interanual (en porcentaxe).

Fonte: Departamento de Aduanas e Impuestos Especiales.

Na análise das **principais mercancías exportadas** por Galicia sobrancearemos;

- A notable estabilidade: os dez capítulos do arancel con maior valor das exportacións son os mesmos que no ano anterior, aunque con varios cambios na orde.

■ Cadro 1.18

Principais capítulos de importación. Galicia. 2005

	Importacións	Miles de euros	% ⁽¹⁾	TVI ⁽²⁾
1	Vehículos automóviles, tractores, ciclos e demais vehículos	2.853.445	21,0	1,0
2	Combustibles minerais, aceites minerais e produtos	1.993.405	14,7	30,3
3	Navegación marítima ou fluvial	1.483.852	10,9	4.883,5
4	Peixes, crustáceos e moluscos	1.385.200	10,2	6,9
5	Fundición, ferro e aceiro	705.880	5,2	23,7
6	Prendas e complementos de vestir, agás os de punto	589.079	4,3	27,0
7	Prendas e complementos de vestir de punto	487.670	3,6	14,2
8	Reactores nucleares, caldeiras e máquinas	402.054	3,0	12,7
9	Produtos farmacéuticos	389.926	2,9	-1,9
10	Madeira, carbón vexetal e manufacturas de madeira	372.099	2,7	18,6
	Resto de produtos	2.924.142	21,5	4,6
	Total	13.586.752	100,0	23,4

(1) Porcentaxe sobre o total de exportacións.

(2) Taxa de variación interanual (en porcentaxe)

Fonte: Departamento de Aduanas e Impostos Especiais.

- Que se dá nas vendas galegas ao estranxeiro un grao de **concentración sectorial** moi elevado, xa que máis da metade das exportacións (un 51,9%) concéntrase nos tres primeiros capítulos arancelarios do cadro 1.17; isto conleva un risco: maior **vulnerabilidade** que se a nosas vendas ao estranxeiro estivesen máis diversificadas. Con todo, é perceptible unha diminución importante desta porcentaxe respecto do ano anterior (en que era un 59´3%) especialmente pola forte diminución do capítulo automobilístico.
- Aínda coa diminución de dez puntos respecto do ano anterior (e de 12´5 puntos no bienio 2003-2005) as exportacións galegas do sector automobilístico seguen moi por diante de calquera outro sector; este foi o único capítulo arancelario con taxa de variación interanual negativa. Ao redor das tres cuartas partes destas vendas ao estranxeiro corresponden a automóviles e o resto a compoñentes para automóviles, sector este que gañou posicións nos últimos anos.
- A especialización das nosas vendas ao estranxeiro céntrase moi especialmente en tres apartados: *transporte* (terrestre e marítimo), *téxtil* e o vencellado cos recursos naturais (*peixes, crustáceos e moluscos, preparados de carne e peixe, manufacturas de pedra, madeira*).
- Polo forte ritmo de crecemento do último ano, sobrancean especialmente dous apartados: *combustibles minerais* e *navegación*. No primeiro repercutiron nidiamente os elevados prezos dos produtos enerxéticos (que están en máximos históricos) e no segundo un grande dinamismo en 2005 (especialmente importante nas importacións, como veremos logo) que fixo que o comercio de buques pasase a ocupar o segundo posto nas exportacións e o terceiro nas importacións. Cómpre non esquecer que anque a construción dun buque é unha actividade plurianual, a súa contabilización nun exercicio concreto fai dispararse nese ano o valor das exportacións ou das importacións.

Na análise das **principais mercancías importadas** por Galicia sobrancearemos, ao fío do cadro 1.18:

- A estabilidade: nove dos dez capítulos do arancel con maior valor das importacións son os mesmos que nos anos anteriores, anque certamente con varios cambios de posición; o máis destacable é a espectacular suba do comercio de buques, que aparece no terceiro posto en 2005 mentres que no ano anterior non figuraba nesta clasificación. Conserva o segundo posto o capítulo arancelario de *combustibles minerais*, nun ano de forte suba do cru petrolífero.
- Que se dá nas nosas compras no estranxeiro un grao de **concentración sectorial** moi elevado, xa que en 2005 máis da metade do importe total das nosas importacións (exactamente un 56,8%) produciuse nos catro primeiros capítulos arancelarios do cadro I.18; esa concentración é case igual á do pasado ano (56'6%).
- As importacións galegas do sector automobilístico seguen encabeizando esta clasificación; a maior parte destas compras corresponden a compoñentes para automóbiles, e son necesarias para o funcionamento da factoría viguesa de PSA Peugeot Citroën; velaí un bo exemplo de *comercio intrafirma*.
- Polo forte ritmo de crecemento do último ano, sobrancea especialmente o apartado de: *navegación* e pola débil suba sobrancea o capítulo arancelario *automobilístico*; só diminuíu o apartado de *produtos farmacéuticos*.

I.4.1.4. Distribución xeográfica.

A distribución por estados das exportacións galegas (cadro I.19) constata:

- Que os catro primeiros clientes de Galicia son en 2005 os mesmos (e na mesma orde) que no ano anterior; membros todos eles da UE. Das outras posicións, sobrancea a entrada de Bahamas na quinta posición, por ser un lugar de destino este *paraíso fiscal* (e territorio das *bandeiras de conveniencia*) das transaccións do capítulo arancelario de *navegación*; entran na novena e décima posición respectivamente Estados Unidos e Alxeria, en vez de Turquía e Marrocos.

Principais destinos das exportacións galegas. 2005.

■ Cadro 1.19

	Miles de euros	% ⁽¹⁾	TVI ⁽²⁾
1 Francia e Mónaco	3.942.936	32,7	12,6
2 Portugal	2.042.336	16,9	12,6
3 Italia	649.425	5,4	-7,6
4 Reino Unido	447.328	3,7	-32,0
5 Bahamas	390.346	3,2	
6 Alemaña	375.341	3,1	-10,4
7 Países Baixos	366.269	3,0	11,6
8 Noruega	244.263	2,0	24,5
9 EE.UU.	220.616	1,8	48,9
10 Alxeria	215.053	1,8	609,0
Resto de países	3.172.748	26,3	17,5
Total	12.066.661	100,0	14,9

(1) Porcentaxe sobre o total de exportacións

(2) Taxa de variación interanual (en porcentaxe)

Fonte: Departamento de Aduanas e Impostos Especiais

- A notable suba porcentual das nosas exportacións a Alxeria (53,7%) e a diminución das nosas exportación a tres estados “socios da eurozona” que adoitan estar entre os nosos cinco primeiros clientes: Reino Unido, Italia e Alemaña.
- Que os dez primeiros clientes concentran en 2005 un 73,7% do valor total das nosas vendas ao exterior (5,3 puntos menos que no ano anterior); os dous primeiros (Francia-Mónaco e Portugal) conxuntamente supoñen ao redor da metade (un 49,6%, o que supón 1,1 puntos menos que no ano anterior).

Principais provedores de Galicia. 2005.

■ Cadro 1.20

	Miles de euros	% ⁽¹⁾	TVI ⁽²⁾
1 Francia e Mónaco	2.639.659	19,4	-4,3
2 Portugal	1.619.565	11,9	20,7
3 Italia	636.868	4,7	18,7
4 Alemaña	587.717	4,3	13,1
5 Reino Unido	584.655	4,3	15,9
6 Noruega	503.894	3,7	20,6
7 Alxeria	472.245	3,5	586,0
8 México	462.921	3,4	30,2
9 Bahamas	443.068	3,3	
10 Libia	411.028	3,0	57,1
Resto de países	5.225.132	38,5	23,2
Total	13.586.752	100,0	23,4

(1) Porcentaxe sobre o total de importacións

(2) Taxa de variación interanual (en porcentaxe)

Fonte: Departamento de Aduanas e Impostos Especiais

Nos nosos principais provedores, pola súa banda, subliñaremos ao fío do cadro 1.20 que:

- A comparanza cos dez estados que encabezan esta clasificación en 2005 explicita que os cinco primeiros son os mesmos e pola mesma orde; abandonan esta clasificación EEUU e Suecia e entran Alxeria e Bahamas.
- Son da UE os cinco primeiros provedores. As importacións de cru petrolífero para a factoría Repsol son a causa principal de que figuren nesta clasificación estados como Libia, México ou Noruega.
- Os tres estados aos que máis lles mercamos son os mesmos que encabezan a clasificación dos nosos clientes principais e todos eles son membros da Unión Europea.
- Respecto do visto cos estados clientes, é menor a concentración territorial, xa que os dous primeiros clasificados non chegan a concentrar a metade do valor total das nosas importacións senón un 31,3% (para chegar ao 50% hai que sumar os sete primeiros países). A diversificación do importante volume de importacións dos *combustibles minerais* é unha das razóns.
- Na comparanza co ano anterior, baixou o valor das importacións de Francia mentres que o maior aumento tívoo Alxeria.

1.4.2. Saldo comercial co estranxeiro e con outras comunidades autónomas.

Como sinalabamos ao comezar o estudo do *comercio exterior galego*, unha das acepcións deste concepto (e a máis axeitada lingüisticamente, aínda que certamente a menos usual na literatura económica) abrangue todas as transaccións con orixe ou destino fóra de Galicia. Inclúe, xa que logo, ademais das transaccións realizadas co estranxeiro, as efectuadas coas outras comunidades autónomas (por certo cuantitativamente moi superiores ás outras: o dobre); para evitar confusións, referirémonos a elas como **comercio exterior total**. O seu estudo pódese facer ao traveso das táboas input-output ou mesmo indirectamente pola diferenza entre a produción e a demanda interna dunha comunidade.

A diferenza entre estudar as transaccións de Galicia fóra do noso territorio ou facelo das transaccións de Galicia fóra de España implica unha importante modificación do valor dos indicadores cos que adoitan avaliarse as relacións comerciais dun país (saldo comercial, taxa de cobertura, etc); concretamente, no saldo do comercio exterior galego, o déficit que Galicia ten nas súas relacións co estranxeiro transfórmase nun fortísimo déficit cando estudamos todo o comercio fóra de Galicia.

■ Cadro 1.21

Saldo exterior (comunidades autónomas e estranxeiro). Por CCAA. 2005

	Autonomías con saldo exterior positivo			Autonomías con saldo exterior deficitario	
	Saldo ⁽¹⁾	% do PIB pm		Saldo ⁽¹⁾	% do PIB pm
Cataluña	8.962,3	4,99	Andalucía	-22.354,4	17,66
Madrid	7.621,6	4,68	Galicia	-10.394,3	19,90
C. Valenciana	2.548,2	2,58	Castela e León	-10.297,8	18,81
País Vasco	2.112,4	3,52	Castela A Mancha	-8.304,3	24,69
Baleares	1.414,3	5,91	Extremadura	-5.005,3	28,48
Navarra	1.194,6	7,58	Canarias	-4.825,2	13,48
A Ríoxa	76,2	1,05	Asturias	-4.202,8	20,64
			Aragón	-2.272,2	6,48
			Murcia	-1.459,8	7,60
			Cantabria	-778,1	6,58
			Melilla	-681,4	45,94
			Ceuta	-599,0	37,30
Total	23.929,6	4,36	Total	-71.174,6	17,43

(1) En millóns de euros

Fonte: FUNCAS. "Cuadernos de Información Económica" nº 191. Marzo-abril 2006

No cadro 1.21 podemos comprobar o saldo exterior *total* (sumado, como xa dixemos, o comercio internacional e o comercio coas outras comunidades autónomas do estado español); compróbase nel que:

- Sete comunidades rexistraron en 2005 un saldo positivo: Cataluña, Madrid, C. Valenciana, País Vasco, Baleares, Navarra e A Ríoxa; son as mesmas que no ano anterior.
- Entre as doce comunidades (e cidades autónomas) que presentan un saldo negativo, Galicia é a segunda en valor absoluto (cedéndolle a Castela-León a terceira posición que ocupaba o ano anterior).

- Na porcentaxe de déficit do saldo exterior *total* sobre o seu PIB e, sen contar Ceuta e Melilla (con déficits moi altos por razóns moi específicas derivadas do seu emprazamento xeográfico extraeuropeo e de seren núcleos urbanos) Galicia ocupa (cun 19,9%) a cuarta posición entre as dez comunidades autónomas, por detrás de Estremadura, Castela-A Mancha e Asturias.
- A porcentaxe do saldo deficitario de Galicia en 2005 é moito maior (7,35 puntos porcentuais) que no ano anterior; esa suba dun 58,6% nun só ano reflicte o notable deterioro do noso comercio exterior total no último exercicio.

Se comparamos os datos deste cadro cos do cadro 1.7 podemos comprobar que hai unha clara relación directa entre o saldo exterior *total* e a riqueza relativa dunha comunidade (medida co PIB por habitante); na análise dos dous cadros sobrancea que:

- As seis comunidades cun maior índice de riqueza relativa son, por orde de maior a menor: Madrid, País Vasco, Navarra, Cataluña, Baleares e A Ríoxa; todas elas figuran entre as sete comunidades que tiveron un saldo exterior *total* positivo en 2005.
- As nove comunidades (ou cidades) autónomas de menor índice de riqueza relativa son (de maior a menor riqueza): Canarias, Ceuta, Asturias, Melilla, Murcia, Galicia, Castela-A Mancha, Andalucía e Estremadura; son precisamente nove das dez comunidades (a outra é Castela-León) que tiveron en 2005 unha maior porcentaxe deficitaria no comercio exterior *total*.

Cómpre non esquecer estas “*balanzas comerciais*” *totais autonómicas* á hora de negociar o novo marco de financiamento das comunidades autónomas, pois nas “*balanzas fiscais*” deficitarias (tan sacadas a relucir polos responsables dalgunha comunidade máis desenvolvida que Galicia) se encontra a contrapartida que en concepto de solidariedade adoita existir nos *estados do benestar* para compensar, cando menos parcialmente, ás comunidades menos desenvolvidas e que ademais financian (pola vía do comercio inter-autonómico) o crecemento económico das máis desenvolvidas.

1.5. Evolución dos prezos, salarios e gasto

Comezaremos este epígrafe co estudo da variación dos prezos en Galicia, España e a UE; centrarémonos despois na evolución salarial e, por último, abordaremos o comportamento do gasto das familias galegas.

1.5.1. A inflación

O cadro 1.22 explicita que a taxa de inflación rexistrada en 2005 en Galicia (3,7%) superou en catro décimas á do ano anterior e en 1´4 puntos porcentuais á do ano 2003; estivo ao mesmo nivel que a estatal. Esta suba dos prezos está moi por riba da previsión oficial e tamén da suba media na Unión Europea (2,1%), como se comproba cos datos do cadro 1.23, que recolle a variación do IPC nos vinte e cinco estados da UE, no conxunto da UE e na UEM.


Porcentaxe de variación do IPC⁽¹⁾. Galicia/España. 2001-2005.

■ Cadro 1.22

	2001	2002	2003	2004	2005
Galicia	2,6	4,3	2,3	3,3	3,7
España	2,7	4,0	2,6	3,2	3,7

(1) De decembro a decembro

Fonte: INE, IPC



Os datos da OCDE que figuran no cadro 1.24 serven para avaliar a inflación acumulada no quinquenio 2000-2005; sobrancea que a suba de prezos en España (moi semellante á galega, como se comproba no cadro 1.22) é do 19,3%, moi por riba da suba na OCDE (15,2%) ou da UEM (12'8%). As maiores taxas de inflación acumuladas no quinquenio analizado son as de Grecia (21'1%), España e Irlanda (19,3%) e Portugal (18,7%) mentres que no outro extremo sitúase Xapón (-2%).

A evolución do prezo de cru petrolífero tivo un claro efecto inflacionista en 2005. A **inflación subxacente** (que é a que non ten en conta a variación dos prezos dos produtos enerxéticos nin dos alimentos non elaborados) quedou en Galicia un punto por baixo da suba do IPC e oito décimas por baixo no conxunto do estado, como se ve no cadro 1.25, no que se comproba tamén a fortísima suba dos *carburantes e combustibles* (13'9% en Galicia e 13% no promedio estatal) e dos *produtos enerxéticos* (tamén máis intensa en Galicia que na media española).

A información do cadro 1.26 ofrece a desagregación nos doce grupos de gasto do IPC e a súa taxa de variación no ano 2005 en Galicia e España; obsérvase nel que:

- En catro grupos de gasto os prezos en Galicia tiveron unha evolución máis desfavorable que no conxunto de España, en sete ocorreu o contrario e nun (o de transporte) a suba foi a mesma.
- O comportamento dos prezos no pasado ano foi descendente só nas *comunicacións* (ao igual que en anos anteriores) nos dous ámbitos territoriais, mentres que os dous grupos máis inflacionistas (por riba do 5%) foron de novo en Galicia, por esta orde, *transporte* (6,2%) e *vivenda* (5,6%); en España tamén estes dous grupos (e por esa orde) foron os de maiores subas de prezos, cunha porcentaxe igual á galega en transporte e maior que ela en vivenda.

Variación do IPC harmonizado⁽¹⁾. UE. 2005.

■ **Cadro 1.23**

Alemaña	2,1
Austria	1,6
Bélxica	2,8
España	3,7
Finlandia	1,1
Francia	1,8
Grecia	3,5
Holanda	2,1
Irlanda	—
Italia	2,1
Luxemburgo	3,4
Portugal	2,5
Unión Monetaria	2,2
Chipre	1,4
República Checa	1,9
Dinamarca	2,2
República Eslovaca	3,9
Eslovenia	2,4
Estonia	3,6
Hungría	3,3
Letonia	7,1
Lituania	3,0
Malta	3,4
Polonia	0,8
Reino Unido	2,0
Suecia	1,3
Unión Europea	2,1

— Dato non dispoñible

(1) En porcentaxe decembro 2005 sobre decembro 2004

(2) Taxa de variación interanual

Fonte: EUROSTAT

Índices de prezos de consumo en 2005⁽¹⁾. OCD

■ **Cadro 1.24**

OCDE	115,2
UM	112,8
España	119,3
Alemaña	109,7
Francia	111,3
Italia	114,2
Países Baixos	114,9
Bélxica	111,3
Luxemburgo	115,9
Reino Unido	108,5
Irlanda	119,3
Dinamarca	110,3
Grecia	121,1
Portugal	118,7
Austria	110,5
Suecia	109,9
Finlandia	107,5
Suíza	104,9
Noruega	109,9
EE.UU	114,3
Canadá	112,8
Xapón	98,0

(1) De decembro 2005. Índice base ano 2000

Fonte: OCDE. Países da UE: Índices de prezos de consumo harmonizado

IPC por grupos especiais

■ Cadro 1.25

		Dec. 05
IPC xeral sen alimentos non elaborados nin produtos enerxéticos		
	Galicia	2,7
	España	2,9
IPC servizos (con aluguer de vivenda)		
	Galicia	3,4
	España	3,9
IPC carburantes e combustibles		
	Galicia	13,9
	España	13,0
IPC produtos enerxéticos		
	Galicia	10,9
	España	9,9

Taxas de variación interanuais en %
Fonte: INE, IPC.

IPC por grupos de gasto. Galicia e España. 2005

■ Cadro 1.26

1. Alimentos e bebidas non alcohólicas	
Galicia	4,8
España	4,2
2. Bebidas alcohólicas e tabaco	
Galicia	4,5
España	5,1
3. Vestido e calzado	
Galicia	1,2
España	1,4
4. Vivenda	
Galicia	5,6
España	6,0
5. Enxoval	
Galicia	2,6
España	2,2
6. Medicina	
Galicia	0,8
España	0,7
7. Transporte	
Galicia	6,2
España	6,2
8. Comunicacóns	
Galicia	-1,8
España	-1,7
9. Ocio e cultura	
Galicia	0,7
España	0,6
10. Ensino	
Galicia	4,0
España	4,1
11. Hoteis, cafés e restaurantes	
Galicia	3,8
España	4,3
12. Outros	
Galicia	3,0
España	3,4

Taxas de variación interanuais en %
Fonte: INE, IPC.

Cómpre non esquecer que a evolución do IPC non recolle as variacións debidas á suba do prezo da vivenda (aunque si a dos alugueiros) e que a vivenda subiu en Galicia e en España nos últimos anos moitísimo máis que o índice de prezos ao consumo; a suba do prezo da vivenda en Galicia, aunque certamente menor que a estatal, triplicou ou cuádruplicou no último trienio o crecemento do IPC; tendo en conta que o pago da hipoteca é o primeiro capítulo de gastos dos fogares galegos (excluído o alimentario), a conclusión sobre a suba *real* do custo da vida párecenos ben evidente.

Todas as estatísticas que comparan as subas dos salarios coas (moito maiores) dos prezos das vivendas na última década constatan a notable perda de capacidade real de compra en Galicia e en España; especialmente difícil é actualmente a posibilidade de acceso á compra da vivenda da mocidade “milleurista”, esa xeración de mozos e mozas máis formados que nunca na nosa historia pero que deben conformarse en moitos casos con acceder –nun mercado laboral “dual”– a un traballo temporal e moi pouco retribuído.

Dado que a Enquisa de consumo das familias realizada polo IGE recolle que o pago das hipotecas é o gasto mensual máis importante dos fogares galegos (excluídos o alimentario), parece evidente que o IPC non recolle un factor clave do gasto real das persoas que están a pagar a súa vivenda (aproximadamente un 17% do total de fogares galegos); para eles, a gradual pero continua suba do EURIBOR que comezou en xullo de 2005 é un factor que veu a baixar fortemente o nivel adquisitivo dos seus ingresos.

O estudo realizado polo Ministerio de Economía e Facenda para o seguimento da evolución dos prezos de trinta alimentos frescos nos últimos anos tamén constatou que a maioría deles subiron máis dun 10%, porcentaxe que representa máis do dobre que a que computa para este grupo de gasto a variación do IPC; cómpre telo en conta para non mitificar as cifras proporcionadas polo INE nin considerar que miden, sen máis, a evolución *real* do custo da vida. Factores hai –algún visto aquí– que desbotan esa crenza.

A desagregación por provincias no último ano da evolución do IPC mostra que a provincia de Pontevedra foi a que tivo unha maior suba dos prezos (4%) mentres que nas outras tres foi dun 3,6%, unha décima por baixo das medias galega e española.

1.6.2. Os custos laborais

A *Enquisa Trimestral de Custo Laboral* é unha estatística realizada polo INE, de periodicidade trimestral, que forma parte dos euroindicadores que EUROSTAT solicitou aos estados da área euro co obxectivo de medir a potencial converxencia dos custos laborais nos estados membros; unha das súas principais aplicacións é permitir actualizar anualmente a *Enquisa de Custo Laboral* que se realiza cuádrinualmente nos estados da UE.

Cómpre sinalar que se entende por *custo laboral* o custo total que ten o empregador pola utilización do factor traballo (inclúe o salarial e máis outros custos) e por *custo salarial* o conxunto de remuneracións brutas (en efectivo ou en especie) realizadas ás persoas traballadoras por conta allea

■ Cadro 1.27

Custo laboral. Por comunidades autónomas. 2005 ⁽¹⁾.

	Custo laboral por traballador e mes			Custo laboral por hora efectiva		
	Euros	Índice ⁽²⁾	Taxa ⁽³⁾	Euros	Índice ⁽²⁾	Taxa ⁽³⁾
España	2.234,72	127,1	2,6	16,46	131,1	3,1
Andalucía	2.011,17	125,4	1,1	14,82	130,5	1,6
Aragón	2.214,32	128,0	3,7	16,69	132,1	5,0
Asturias	2.218,50	126,4	2,4	17,05	131,8	4,9
Baleares	2.167,23	138,3	3,8	16,08	148,6	4,9
Canarias	1.835,85	122,0	1,9	13,18	125,0	2,3
Cantabria	2.060,75	124,5	1,2	15,27	129,0	1,0
Castela A Mancha	1.950,64	128,0	2,0	14,11	133,2	3,4
Castela e León	2.113,80	127,0	4,2	16,05	134,2	6,2
Cataluña	2.396,20	130,1	2,2	17,95	134,2	2,6
Com. Valenciana	2.008,32	126,6	3,7	14,45	128,0	3,5
Extremadura	1.821,82	126,2	2,2	13,59	132,2	1,8
Galicia	1.921,56	125,3	2,9	14,10	131,3	3,1
Madrid	2.628,16	126,3	2,9	18,86	129,1	2,9
Murcia	1.923,77	132,5	2,0	14,16	134,3	2,1
Navarra	2.521,06	130,3	1,7	19,23	135,3	1,2
País Vasco	2.607,34	126,8	4,5	19,77	128,5	3,9
A Ríoxa	2.074,26	124,9	3,7	15,28	129,3	4,3

(1) 4º trimestre.

(2) Base ano 2000

(3) Variación porcentual sobre mesmo trimestre do ano anterior

Fonte: INE. Encuesta Trimestral de Coste Laboral

O cadro 1.27 recolle o **custo laboral** (por traballador/mes e por hora efectiva) nas distintas comunidades autónomas (e no conxunto do estado) no ano 2005. Compróbase que:

- En Galicia o *custo laboral por traballador e mes* é o terceiro comezando por abaixo (tras Extremadura e Canarias), cun 86% do estatal; creceu no último ano tres décimas máis que no promedio español e nos dous ámbitos espaciais subiu menos que a inflación anual.
- O índice que presenta a variación acumulada no último quinquenio reflicte que a suba galega foi inferior en 1 '8 puntos á media española (pechándose a diferenza en 0,3 puntos porcentuais respecto do ano anterior).
- O *custo laboral por hora efectiva* de traballo tamén sitúa a Galicia na terceira posición comezando por abaixo (tras Canarias e Extremadura); subiu en 2005 na mesma porcentaxe en Galicia que en España (un 3,1%, seis décimas por baixo da inflación nese ano); o índice constata que no período 2000-2005 este custo subiu dúas décimas máis en Galicia que no promedio estatal. Actualmente o custo laboral por hora efectiva en Galicia é un 85,7% do estatal.

O cadro 1.28 recolle o **custo salarial** (por traballador/mes e por hora efectiva) nas distintas comunidades autónomas (e no conxunto do estado) no ano 2005. Compróbase que:

- O índice que presenta a variación acumulada no último quinquenio reflicte que a suba galega foi inferior en 2,1 puntos á media española (pechándose a diferenza en 0,7 puntos porcentuais respecto do ano anterior).

■ Cadro 1.28

Custo salarial. Por comunidades autónomas. 2005 ⁽¹⁾.

	Custo salarial por traballador e mes			Custo salarial por hora efectiva		
	Euros	Índice ⁽²⁾	Taxa ⁽³⁾	Euros	Índice ⁽²⁾	Taxa ⁽³⁾
España	1.681,82	126,8	2,5	12,39	130,8	2,9
Andalucía	1.481,58	122,6	1,2	10,91	127,6	1,7
Aragón	1.670,21	129,1	3,5	12,59	133,4	4,7
Asturias	1.651,31	126,7	3,1	12,69	132,2	5,6
Baleares	1.631,65	138,5	4,3	12,11	149,0	5,5
Canarias	1.355,94	119,7	2,3	9,74	122,7	2,7
Cantabria	1.518,47	123,3	1,2	11,25	127,7	1,1
Castela A Mancha	1.449,89	127,2	2,8	10,49	132,4	4,2
Castela e León	1.579,64	127,8	3,7	12,00	135,0	5,7
Cataluña	1.835,61	131,4	2,1	13,75	135,6	2,5
Com. Valenciana	1.486,18	126,0	3,0	10,70	127,4	2,9
Extremadura	1.356,65	125,2	2,6	10,12	131,1	2,2
Galicia	1.434,38	124,7	3,1	10,53	130,6	3,3
Madrid	2.000,61	125,4	2,4	14,36	128,2	2,5
Murcia	1.434,92	133,3	2,4	10,56	135,2	2,4
Navarra	1.925,38	132,7	1,6	14,68	137,8	1,1
País Vasco	1.970,94	127,2	3,8	14,94	128,9	3,2
A Ríoxa	1.561,53	125,9	3,7	11,50	130,2	4,3

(1) No 4º trimestre.

(2) Base ano 2000

(3) Variación porcentaxe sobre mesmo trimestre do ano anterior

Fonte: INE. Encuesta Trimestral de Coste Laboral

- En Galicia o *custo salarial por traballador e mes* é o terceiro comezando por abaixo (tras Canarias e Extremadura), cun 85,3% do estatal; creceu no último ano seis décimas máis que no promedio español e nos dous ámbitos espaciais subiu menos que a inflación anual.

Aínda tendo Galicia un nivel medio de prezos inferior ao promedio estatal (un 4% por baixo) o nivel salarial medio das persoas galegas debería aumentar un 11% para quedar parellos co poder adquisitivo medio dos salarios no conxunto do estado.

O *custo salarial por hora efectiva* de traballo, pola súa banda, sitúa a Galicia na cuarta posición comezando por abaixo (tras Canarias, Extremadura e Castela-A Mancha); subiu en 2005 catro décimas máis en Galicia que en España (en ambos casos por baixo da inflación nese ano); o índice constata que no período 2000-2005 este custo subiu dúas décimas máis no promedio estatal que en Galicia. Actualmente o custo laboral por hora efectiva en Galicia é un 85% do estatal (sete décimas menos que o ano anterior).

No tocante á comparanza con outros estados da Unión Europea, a *Enquisa de Custo Laboral* realízase cuadrienalmente co obxectivo de estimar o custo do factor traballo nos distintos estados da UE. Nos datos presentados na última enquisa por EUROSTAT no ano 2003 comprobábase que España era un dos estados con menor custo laboral da UE-15 (cun 62,64% da media), só por diante de Grecia e Portugal e que, na comparanza do dato español coa media dos dez estados que entraron na UE en 2004, o custo laboral español triplicábase (e mesmo o quintuplicaba nalgún caso, coma Lituania e Letonia).

Ganancia media anual en PPA⁽¹⁾. UE. 2002

■ Cadro 1.29

	Homes	Mulleres
UE-25	29.571	21.243
UE-15	32.442	23.821
Alemaña	36.818	27.071
Austria	32.747	23.034
Bélxica	31.127	25.669
Chipre	26.088	17.921
Dinamarca	23.177	15.734
Eslovaquia	12.638	9.216
Eslovenia	16.940	15.323
España	25.183	18.705
Estonia	9.644	7.102
Finlandia	26.640	21.468
Francia	29.045	22.759
Grecia	23.125	16.033
Hungría	11.673	9.693
Irlanda	30.764	23.630
Italia	28.166	22.551
Letonia	7.132	5.604
Lituania	8.082	6.789
Luxemburgo	36.880	28.808
Malta		
Países Baixos	34.130	26.587
Polonia	12.768	10.603
Portugal		
Reino Unido	36.682	24.234
República Checa	14.030	10.336
Suecia	25.699	21.131

Dato non dispoñible

(1) Paridade de poder adquisitivo.

Fonte: Eurostat. Dato recollido de "Cifras INE", 3/2005.

A importante diferenza entre a ganancia media de homes e mulleres queda reflec-tida no cadro 1.29, que explicita os datos para os distintos estados e o conxunto da UE (tomando quince ou vintecinco estados). Outra fonte (a Axencia Tributaria) serve para certificar a forte diferenza salarial entre homes e mulleres en Galicia, pois cuantifica nun 73,2% o salario feminino en relación co masculino.

A evolución no quinquenio 2000-2005 do índice que mide as ganancias por hora pode verse no cadro 1.30 para a OCDE, OCDE Europa, UE-15 ou dezaseis esta-dos da OCDE (entre eles España); compróbase que a suba total en España nese período (25,7%) supera amplamente á dos outros tres ámbitos territoriais antes citados; só Irlanda supera esa porcentaxe e a de Finlandia e Noruega está moi pró-ximo ao español.

Cómpre non esquecer ao estudar o custo laboral ou o custo salarial que un dos importantes condicionantes dos ingresos de moitos fogares é o importe do **sala-rio mínimo interprofesional**. O noso non chega á metade do de Reino Unido, Francia, Bélxica, Holanda ou Luxemburgo; a diferenza de prezos con eses cinco es-tados non se achega –nin moito menos– ao diferencial dos salarios mínimos, po-lo que o poder adquisitivo do noso SMI queda moi por baixo do deses países: un

estudo de EUROSTAT sinala que, tendo en conta a compra dun mesmo grupo de produtos, os españois deben desembolsar máis do 20% do SMI (o dobre que na media da UE-I5) e só Portugal debe desembolsar unha porcentaxe maior do SMI na compra desa “cesta de produtos”.

Índices de ganancias por hora. OCDE. 2005.

■ Cadro 1.30

OCDE-Total	118,3
OCDE-Europa	120,2
UE-15	115,8
España	125,7
Alemaña	109,4
Francia	118,7
Italia	114,4
Países Baixos	113,8
Bélxica	113,4
Reino Unido	122,3
Irlanda	132,3
Dinamarca	121,0
Austria	115,0
Suecia	117,5
Finlandia	124,2
Noruega	125,2
EE.UU.	116,6
Canadá	113,4
Xapón	104,8

(1) Datos do 4º trimestre de 2005. Índice base ano 2000.

Fuente: INE, Boletín Mensual de Estadística (recolle os datos da OCDE).

A comparanza da evolución do salario mínimo interprofesional e do índice de prezos ao consumo en Galicia no último sexenio reflicte que só en 2004 e en 2005 a suba do SMI foi maior que a da inflación.

No relativo ao *SMI por hora efectiva traballada* en distintos estados da Unión Europea, nun Informe Sociolaboral anterior xa presentamos os datos que reflicten que o noso non chega á terceira parte da media da UE-I5 (32%), porcentaxe moi alonxada da que supón o PIB por habitante corrixido polo poder de compra en Galicia (ben máis do dobre desa porcentaxe) ou España (case o triplo).

No capítulo 7 deste Informe figura a suba salarial establecida na negociación colectiva en Galicia e no conxunto estatal nos últimos anos; consideramos que a súa visión pode ser interesante para complementar o analizado neste apartado.

1.6.3. Gasto medio por persoa.

Se ben os salarios —estudados no epígrafe anterior— son a fonte principal de renda dos fogares (polo que o seu nivel é un condicionante importante do consumo ou aforro que van realizar as persoas que residen neles), teñen tamén a súa importancia relativa outras fontes de renda (como as do capital, as rendas mixtas ou as prestacións sociais). Coa análise do gasto medio por persoa nas distintas comunidades autónomas rematamos este primeiro capítulo.

Gasto medio por persoa. Por comunidades autónomas. 2005⁽¹⁾.

■ Cadro 1.31

	Total gasto	Alimentos, bebidas e tabaco	Resto
España	2.164,67	422,82	1.741,85
Andalucía	1.922,31	401,42	1.520,90
Aragón	2.129,48	448,37	1.681,11
Asturias	2.026,11	333,25	1.692,85
Baleares	2.541,33	358,24	2.183,09
Canarias	2.005,77	329,08	1.676,69
Cantabria	2.190,37	503,91	1.686,46
Castela e León	1.963,47	443,16	1.520,31
Castela A Mancha	1.907,38	407,18	1.500,19
Cataluña	2.275,12	456,72	1.818,40
Com. Valenciana	2.256,04	418,35	1.837,69
Extremadura	1.488,56	387,82	1.100,74
Galicia	1.878,17	442,57	1.435,60
Madrid	2.699,47	431,50	2.267,97
Murcia	1.818,48	409,08	1.409,40
Navarra	2.258,87	392,43	1.866,44
País Vasco	2.423,44	490,27	1.933,17
A Ríoxa	2.149,02	426,00	1.723,01
Ceuta e Melilla	2.152,62	579,36	1.573,26

(1) Datos do 4º trimestre. En euros

Fonte: INE. "Encuesta Continua de Presupuestos Familiares"

A *Enquisa continua de orzamentos familiares* (do INE) vai recollendo trimestralmente a evolución do gasto medio por persoa nas diferentes comunidades autónomas. No cadro 1.31 compróbase que no último trimestre de 2005:

- O gasto medio por persoa galega supón un 86,8% do promedio estatal (o pasado ano era un 90,6% e en 2003 un 96,2%); Galicia ocupa a antepenúltima posición nesa clasificación (só por riba de Extremadura e Murcia), despois de crecer un 3,8% no último ano (menos da metade que a suba media estatal: 8,4%). Madrid, Baleares e o País Vasco son –por esta orde– as comunidades de maior gasto medio por persoa.
- No apartado de “*alimentos, bebidas e tabaco*” o gasto medio galego está un 4,7% por riba do estatal mentres que está moi por baixo no *resto do gasto* (é un 82,4% do promedio español).

Quen desexa analizar o comportamento nun prazo máis longo, pode consultar a evolución no cuadrenio 2001-2004 do gasto medio por persoa en Galicia e España no Informe Sociolaboral 2004.